

Segunda.-En todas as consellerías existirá unha delegación provincial na que se integrarán os órganos e servizos existentes en cada provincia. Na Consellería de Economía e Facenda e na de Pesca e Asuntos Marítimos as delegacións serán territoriais.

Terceira.-Créanse as delegacións provinciais do Benestar Social, dependentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar Social.

Cuarta.-As referencias contidas na normativa reguladora do organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, en canto ao conselleiro e á Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, deberán entenderse referidas ao vicepresidente e á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.

Quinta.-As referencias contidas na normativa reguladora do organismo autónomo Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, en canto ao conselleiro e á Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, deberán entenderse referidas ao conselleiro e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Sexta.-As referencias contidas na normativa reguladora do organismo autónomo Augas de Galicia, en canto ao conselleiro e á Consellería de Medio Ambiente, deberán entenderse referidas ao conselleiro e á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Sétima.-As referencias contidas na normativa reguladora do organismo autónomo Instituto Galego da Vivenda e Solo, en canto ao conselleiro e á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, deberán entenderse referidas ao conselleiro e á Consellería de Vivenda e Solo.

Disposicións transitorias

Primeira.-Mediante as disposicións oportunas dos conselleiros respectivos determinarase a adscrición dos órganos dependentes das secretarías xerais e direccións xerais suprimidas, como consecuencia da estrutura orgánica que se fixa nos artigos precedentes, aos centros directivos correspondentes mentres non se regule por decreto a nova estrutura orgánica no nivel de dirección xeral.

Segunda.-Os órganos dependentes dos centros directivos que non fosen obxecto de supresión manterán a súa estrutura e funcións ata que se proceda ao desenvolvemento da estrutura contida neste decreto.

Disposición derogatoria

Primeira.-Queda derogado o artigo 4.3º do Decreto 14/2005, do 3 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

Segunda.-Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ao disposto

neste decreto e, en particular, aquela normativa que regule estruturas orgánicas a nivel de dirección xeral non recollidas neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para que dite as disposicións necesarias para a xestión dos créditos afectados pola nova estrutura administrativa, sen que en ningún caso se poida orixinar incremento de gasto.

Segunda.-A Consellería de Economía e Facenda realizará as modificacións orzamentarias necesarias para lle dar cumprimento ao disposto neste decreto.

Terceira.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, once de agosto de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Decreto 233/2005, do 14 de xullo, polo que se establece o currículo dos estudos superiores de deseño e se regula o acceso ás ditas ensinanzas.

A sección terceira do título VI da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, regula as ensinanzas das artes plásticas e de deseño, establecéndose no artigo 49.2º que terán consideración de estudos superiores as ensinanzas de deseño que oportunamente se implanten e que, ao remate dos ditos estudos se outorgará o título de deseño na especialidade correspondente, que será equivalente, para todos os efectos, ao título de diplomado universitario.

Co fin de que o ensino e a aprendizaxe se desenvolvan en condicións suficientes de calidade, o Real decreto 389/1992, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas artísticas, ao clasificar e definir os distintos modelos de centros, regula os centros superiores de deseño e establece as ensinanzas que poden impartir.

O Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro, establece os estudos superiores de deseño e as ensinanzas mínimas e regula a proba de acceso. Procede, xa que logo, establecer o currículo e regular o acceso ás ditas ensinanzas para a súa aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Co precedente dunha ampla e antiga tradición artesá e da repercusión que a revolución industrial exerceu na arte e nos oficios, os estudos de deseño inscribíense hoxe nun contexto histórico no que o deseño supón un factor de valor engadido, de competitividade e de diferenciación do produto industrial, que tende unha ponte entre industria e creación, terminando coa secular desconexión entre ambas as dúas. A acelerada sucesión dos cambios que veñen caracterizando o contexto propio dos países avanzados e o progresivo desenvolvemento das tecnoloxías e dos xeitos de comunicación, coincidiron cunha nova sensibilidade sobre o medio e sobre a calidade de vida, o que propiciou un modelo de consumo cada vez máis crítico, selectivo e responsabilizado. Todo iso configura un perfil profesional no que o deseñador analiza, investiga e determina as propiedades e as calidades físicas, así como os valores simbólicos comunicativos que deben caracterizar as súas producións, definindo a súa forma, a súa configuración, a súa calidade, o seu funcionamento, o seu valor e a súa significación estética e social. As exixencias dunha formación eficaz e profesional dos futuros deseñadores deben incluír criterios de programación dos contidos que atendan, ademais, ao carácter humanístico destas ensinanzas, de xeito que a formación nas artes, na ciencia, na técnica e no uso das tecnoloxías garanta a permanencia e a flexible adecuación destes estudos ás necesidades e demandas sociais.

Dentro deste contexto fórmase este decreto, que responde á necesidade de proporcionar aos futuros deseñadores unha formación artística, científica e técnica que lles permita analizar, investigar e determinar as propiedades e as calidades físicas, así como os valores simbólicos e comunicativos que deben caracterizar as súas producións.

Por todo o exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, tras o informe do Consello Escolar de Galicia e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día catorce de xullo de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Este decreto establece o currículo e a forma de acceso correspondentes ás ensinanzas superiores de deseño. O plan de estudos comprende, para cada unha das especialidades, tres cursos académicos e máis a realización dun proxecto final de carreira. As especialidades son:

- Deseño gráfico.
- Deseño de interiores.
- Deseño de moda.
- Deseño de produtos.

2. A carga lectiva total é de 273 créditos, dos que 270 corresponden á formación no centro educativo e os tres créditos restantes ao seguimento do proxecto final de carreira mediante unha tutoría. Enténdese como crédito a unidade de valoración da actividade académica equivalente a dez horas lectivas.

3. No currículo intégranse as ensinanzas mínimas fixadas no Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

Artigo 2º.-Ámbito de aplicación.

Este decreto será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Currículo

De acordo co disposto no artigo 8.1º da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, enténdese por currículo dos estudos superiores de deseño o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación desta ensinanza de réxime especial.

Artigo 4º.-Fins.

1. A finalidade dos estudos superiores de deseño é a formación de profesionais do deseño cualificados para a mellora da creación, o desenvolvemento, o uso e o consumo das producións industriais e dos servizos.

2.Os estudos superiores de deseño teñen como obxectivos xerais o desenvolvemento no alumnado, de xeito integrado, das seguintes capacidades:

a) Coñecer o marco económico e organizativo no que se desenvolve a actividade empresarial, así como a capacidade do deseño de intervir como factor de identidade, de innovación e de desenvolvemento da calidade.

b) Comprender os produtos e os servizos do deseño como o resultado da integración de elementos formais, funcionais e comunicativos que responden a criterios de demanda social, cultural e de mercado.

c) Entender, formular e resolver os problemas formais, funcionais, técnicos e de idoneidade produtiva e socioeconómica que se presenten no exercicio da actividade profesional do deseñador, adaptándose á evolución dos procesos tecnolóxicos e industriais e ás concepcións estéticas e socioculturais.

d) Desenvolver a imaxinación, a sensibilidade artística, as capacidades de análise e síntese, e o sentido crítico, así como potenciar as actitudes creativas necesarias para a resolución dos problemas propios desta actividade.

e) Valorar e seleccionar con rigor crítico a significación artística, cultural e social do deseño enriquecida pola evolución da investigación científica e polo progreso tecnolóxico.

f) Desenvolver capacidades de autoaprendizaxe e transferencia dos coñecementos.

g) Estimular o interese pola protección, a promoción e o crecemento do legado patrimonial, así como polo fomento da identidade e da cohesión cultural das sociedades en que o dito legado se xere.

h) Traballar con aproveitamento en equipos de carácter multidisciplinar, garantindo a utilización adecuada e integrada dos criterios, os coñecementos, as habilidades e as destrezas que se adquiriran durante o proceso de aprendizaxe.

Artigo 5º.-Obxectivos.

Os estudos superiores de deseño teñen como obxectivos específicos, referidos a cada unha das especialidades, o desenvolvemento no alumnado, de xeito integrado, das seguintes capacidades:

a) Xerar solucións creativas aos problemas de forma, función, configuración, finalidade e calidade dos obxectos e dos servizos mediante a análise, a investigación e a determinación das súas propiedades e calidades físicas, e dos seus valores simbólicos e comunicativos.

b) Concibir e desenvolver correctamente os proxectos de deseño e as súas maquetas ou prototipos, observando os requisitos e os condicionantes previos, aplicando criterios que comporten o enriquecemento e a mellora da calidade no uso e no consumo das producións.

c) Coñecer e comprender a significación das producións artísticas e utilitarias como produto manifesto da evolución do coñecemento científico, dos modelos e das estruturas sociais e das diversas conceptualizacións estéticas, e analizar a súa influencia na evolución sociolóxica do gusto e na fenomenoloxía do deseño contemporáneo.

d) Xerar procesos de ideación e creación tanto artísticos como técnicos, resolvendo os problemas que nos procesos de bosquexamento e realización se poidan formular.

e) Analizar, avaliar e verificar a viabilidade dos proxectos, desde criterios de innovación formal, xestión empresarial e demandas do mercado.

f) Coñecer as características, as propiedades, as calidades, os comportamentos e a capacidade de transformación dos principais materiais que compoñen os produtos e que afectan os procesos creativos da súa configuración formal.

g) Adquirir unha visión científicamente fundamentada sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor. Ademais, canto á cor, coñecer as leis, a medida, os códigos normativos e o seu desenvolvemento e fabricación en cada sector produtivo vinculado coa especialidade correspondente.

h) Analizar, interpretar, adaptar e producir información que afecte a realización dos proxectos, xa sexa no relativo aos distintos procesos de investigación e desenvolvemento dos produtos e dos servizos, ou xa aos requisitos materiais e de idoneidade produtiva, como, de ser o caso, ás instrucións de mantemento, de uso ou de consumo.

i) Coñecer, aplicar e desenvolver correctamente as técnicas e os procedementos propios dos distintos laboratorios e obradoiros, así como saber controlar e avaliar a calidade das producións.

l) Coñecer as ferramentas, os equipamentos, a maquinaria, os procesos e as fases de fabricación, produción e/ou manufactura máis usuais no ámbito sectorial correspondente, así como adoptar as medidas de mantemento periódico dos equipamentos e da maquinaria utilizados, observando con detalle as especificacións técnicas.

m) Adoptar a normativa que regula e condiciona a actividade profesional do deseñador e as medidas sobre a protección da creación e da produción artística e industrial.

n) Utilizar as medidas preventivas necesarias para que os procesos de realización e produción utilizados non incidan negativamente na saúde e no medio.

m) Organizar, dirixir, coordinar ou asesorar equipos de traballo vinculados a proxectos.

Artigo 6º.-Contidos.

1. Os contidos dos estudos superiores de deseño organízanse en materias de carácter teórico-práctico que se clasifican en:

a) Materias troncais, que desenvolven contidos que permiten alcanzar os obxectivos xerais dos estudos superiores de deseño.

b) Materias específicas, que desenvolven contidos que garanten a consecución dos obxectivos específicos correspondentes a cada unha das especialidades destes estudos.

2. Cada unha das materias desenvólvese nas materias específicas que se relacionan no anexo I deste decreto.

3. Os contidos de cada unha das materias específicas concréntanse no anexo II deste decreto.

4. O desenvolvemento do currículo inclúe materias optativas.

As ditas materias serán establecidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

5. O número de créditos asignado a cada materia específica será o determinado no anexo I deste decreto, de acordo con establecido no anexo do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

Artigo 7º.-Áreas de coñecemento.

1. Tendo en conta a pertenza das materias específicas que integran o currículo a un campo de saber homoxéneo, establécense as seguintes áreas de coñecemento:

- Artística.
- Historia e teoría.
- Científica.
- Proxectos e investigación.
- Tecnolóxica.
- Ciencias sociais.

2. A vinculación das materias específicas ás citadas áreas de coñecemento queda reflectida no anexo I deste decreto.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ao dispor a organización dos centros que impartan os estudos superiores de deseño, vinculará os órganos básicos encargados de organizar, coordinar e desenvolver a investigación e as ensinanzas ás áreas de coñecemento establecidas no punto 1 deste artigo.

Artigo 8º.-Avaliación.

1. Características:

1.1. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado basearase no grao de consecución dos obxectivos xerais e específicos, para o que se tomarán como referencia os criterios de avaliación sinalados no punto seguinte.

1.2. A avaliación será diferenciada en cada unha das materias específicas que constitúen o currículo. A avaliación do proxecto final de carreira será única e terá carácter integrador.

2. Criterios:

A avaliación nos estudos superiores de deseño realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

a) O coñecemento do marco económico e organizativo empresarial e da capacidade do deseñador para formar parte del e organizar, dirixir, coordinar e asesorar equipos de traballo vinculados profesionalmente aos proxectos, mellorando os factores de identidade, innovación e desenvolvemento da calidade empresarial.

b) O desenvolvemento da sensibilidade estética e das capacidades de análise, síntese e sentido crítico, así como a creatividade demostrada na resolución dos problemas formais, funcionais e comunicativos.

c) O coñecemento, a correcta utilización e a investigación das linguaxes plásticas, as técnicas artísticas e o desenvolvemento de valores simbólicos.

d) O coñecemento e a comprensión da historia da arte e da historia do deseño, da súa significación estética a través das producións artísticas e utilitarias, así como a capacidade demostrada na análise da evolución sociolóxica do gusto e da fenomenoloxía do deseño contemporáneo.

e) A análise, a interpretación e a produción de información relativa aos procesos de investigación e desenvolvemento dos produtos e dos servizos e, de ser o caso, ás instrucións de mantemento, uso e consumo que afectan á realización dos proxectos.

f) O coñecemento, a correcta aplicación e o desenvolvemento das técnicas e os procedementos propios dos distintos laboratorios e obradoiros, así como o control e a correcta avaliación dos índices de calidade das producións e a capacidade para se adaptar á evolución tecnolóxica e industrial.

g) O coñecemento das características, as propiedades físicas e químicas, as calidades, os comportamentos e a capacidade de transformación das principais materias primas e materiais compostos que interveñen na composición dos produtos, e a creatividade amosada na intervención nos procesos de produción e configuración formal.

h) O coñecemento das ferramentas, a maquinaria, os procesos e as fases de fabricación, produción e manufactura máis usuais no ámbito sectorial correspondente a cada especialidade, e a adopción das medidas de mantemento periódico dos equipamentos e da maquinaria utilizados, observando con detalle as especificacións técnicas.

i) A aplicación de criterios cientificamente fundamentados sobre a cor e sobre a percepción interactiva da cor, a materia, a forma, o espazo e o movemento.

l) O coñecemento do marco legal e regulamentario que regula e condiciona a actividade profesional e as medidas sobre a protección da creación artística e industrial, e sobre a protección da saúde e do medio.

m) A concepción, a planificación e o correcto desenvolvemento dos proxectos de deseño, o grao de observación e de cumprimento dos requisitos e dos condicionantes técnicos e tecnolóxicos, funcionais, estéticos e comunicativos. A realización de maquetas e prototipos; a correcta análise, avaliación e verificación da súa viabilidade produtiva; a innovación formal producida desde criterios de demanda social, cultural e de mercado.

n) A capacidade demostrada para se integrar en equipos de carácter interdisciplinar, para a autoaprendizaxe e para a transferencia dos coñecementos.

ñ) O interese demostrado pola protección, a promoción e o crecemento do legado patrimonial.

Artigo 9º.-Proxecto final de carreira.

1. O proxecto final de carreira ha consistir na concepción e no correcto desenvolvemento dun proxecto de deseño orixinal para o ámbito da produción industrial correspondente á especialidade cursada.

2. A superación do proxecto final de carreira requirirá ter aprobada a totalidade das materias que integran o correspondente currículo.

3. O contido, a organización e a avaliación do proxecto final especificanse no anexo III deste decreto.

4. O proxecto poderase realizar no centro educativo e en lugar distinto deste, así como en colaboración con organismos, institucións, empresas, estudos de deseño ou de arte competentes. Así mesmo, poderá consistir na realización de traballos profesionais academicamente dirixidos ou outros efectuados no marco de programas de intercambio nacional ou internacional.

Artigo 10º.-Réxime de estudo dos alumnos.

1. Os alumnos disporán dun máximo de catro convocatorias para superar cada materia específica do currículo, e dun máximo de dúas convocatorias para superar o proxecto final de carreira.

2. En ambos os casos, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar, con carácter excepcional e por causas debidamente xustificadas, unha convocatoria extraordinaria.

3. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria disporá os requisitos necesarios para a promoción de curso na orde de regulación do proceso de avaliación que para o efecto establece, de acordo coa Orde do 25 de outubro de 2001, do Ministerio de Educación e Ciencia.

4. Consonte o establecido na disposición oitava 1 da Orde do 25 de outubro de 2001, a permanencia do alumno no centro educativo para cursar os estudos correspondentes a unha especialidade non poderá exceder de cinco anos académicos. Para estes efectos non se contabilizará o período empregado para a realización, cando así proceda, do proxecto final de carreira.

Artigo 11º.-Titulación.

Unha vez aprobadas todas as materias que integran o currículo e o proxecto final de carreira, os alumnos estarán en condicións académicas para obter o título de deseño na especialidade correspondente, que será equivalente, para todos os efectos, ao de diplomado universitario e terá carácter oficial e validez en todo o territorio do Estado.

Artigo 12º.-Modalidades de acceso.

1. Mediante proba de acceso.

1.1. Segundo o disposto no artigo 49.4º da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, para acceder aos estudos superiores de deseño requirirase estar en posesión do título de bacharel previsto no artigo 29 da dita lei, ou doutro expresamente declarado equivalente, e superar a proba de acceso regulada no Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro, do que se especifica a súa estrutura no artigo 12º deste decreto.

1.2. Poderán acceder a estes estudos as persoas maiores de vinte e cinco anos que, sen posuír o título de bacharel nin outro declarado equivalente, superen a proba de acceso á que se refire o punto anterior. Para poderse presentar a esta proba, o aspirante deberá superar previamente unha proba de madurez co fin de demostrar que posúe os coñecementos propios da etapa educativa precedente. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará a proba de madurez de acordo co establecido no artigo 8.3º do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

2. Acceso directo.

Poderá acceder directamente a estes estudos quen estea en posesión dalgún dos títulos de técnico superior de artes plásticas e deseño, ou outros declarados equivalentes, segundo o establecido no artigo 2 do Real decreto 1033/1999, do 18 de xuño.

Así mesmo, poderá acceder directamente a estes estudos quen estea en posesión de determinados títulos de técnico superior de formación profesional específica, ou equivalentes, que o Ministerio de Educación e Ciencia establece de acordo co previsto no artigo 8.2º do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

Artigo 13º.-Proba de acceso.

1. A proba de acceso a estes estudos terá como finalidade valorar a madurez, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

2. A superación desta proba permitirá acceder a calquera dos centros do territorio do Estado onde se cursen estas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas destes.

3. A proba de acceso constará de dous exercicios.

3.1. Primeiro exercicio.

Neste primeiro exercicio valoraranse tanto os coñecementos do nivel educativo precedente como o grao de madurez canto á comprensión de conceptos, a utilización da linguaxe e a capacidade de análise e síntese.

Versará sobre as seguintes materias: lingua galega; lingua castelá e literatura; historia; matemáticas; física e química; e lingua estranxeira. Os contidos

e os niveis das probas referiranse ás materias de bacharelato sinaladas anteriormente. Cada aspirante seleccionará tres materias e desenvolverá por escrito unha cuestión de cada unha das elixidas. Para tal efecto, o tribunal proporá catro cuestións de cada unha das materias. O tempo máximo para contestar a cada unha das materias será de sesenta minutos.

3.2. Segundo exercicio.

O segundo exercicio constará de dúas partes:

a) A primeira parte, cunha duración máxima de cinco horas, consistirá na realización dun exercicio de representación dun modelo tridimensional mediante a aplicación de técnicas e de linguaxes propias do debuxo artístico, e a representación do mesmo modelo ou doutro diferente nun sistema propio das linguaxes de representación técnica.

b) A segunda parte, cunha duración máxima dunha hora, consistirá na realización dun exercicio compositivo en cor realizado con técnica libre, baseado na libre interpretación do modelo proposto.

Na primeira parte do segundo exercicio valorarase a fidelidade, tanto artística como técnica, da representación, así como as aptitudes creativas, as habilidades, as destrezas, a sensibilidade artística demostrada na realización do exercicio, os coñecementos, a comprensión técnica, a capacidade para crear e resolver problemas, a calidade e precisión no acabado do traballo e a correcta utilización das técnicas empregadas.

Na segunda parte do segundo exercicio valoraranse as aptitudes creativas, as habilidades, as destrezas, a imaxinación e a sensibilidade artística demostrada na realización do exercicio, os coñecementos, a capacidade para crear e resolver problemas compositivos, a calidade estética e a precisión no acabado do traballo, así como a correcta selección e utilización das técnicas e os procedementos artísticos empregados.

Artigo 14º.-Cualificación da proba de acceso.

1. A cualificación do primeiro exercicio exprésase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais. Cumprirá obter unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

2. Así mesmo, a cualificación do segundo exercicio, que será única, exprésase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais. Cumprirá obter unha cualificación igual ou superior a cinco para a súa superación.

3. A cualificación final da proba de acceso, que se calculará só se se superou cada un dos exercicios, resultará da media ponderada das cualificacións obtidas nos dous exercicios superados, valorándose o primeiro exercicio nun 40 por cento e o segundo exercicio nun 60 por cento. A dita cualificación final

exprésase en termos numéricos, utilizando para iso a escala do un ao dez con dous decimais.

4. O aspirante disporá dun límite de catro convocatorias para a superación da proba de acceso.

5. Unha vez superada a proba de acceso, se a cualificación obtida non fose suficiente para a obtención da correspondente praza, o aspirante poderá volver a realizar a proba de acceso en sucesivas convocatorias, co fin de mellorar a dita cualificación.

Artigo 15º.-Convocatoria de probas.

1. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais realizará as convocatorias anuais das probas de acceso aos estudos superiores de deseño. Esta dirección xeral encargárase de designar un tribunal, que estará formado por un presidente e catro vogais, así como outros asesores sen función cualificadora, que organicen e preparen o contido dos exercicios, así como o desenvolvemento e a avaliación das probas. Poderá designarse máis dun tribunal se o número de aspirantes así o aconsella.

2. A Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais realizará as convocatorias anuais das probas de madurez para aqueles aspirantes aos que se refire o artigo 13.1.2 deste decreto. Esta dirección xeral encargárase de designar un tribunal, que estará formado por un presidente e catro vogais, así como outros asesores sen función cualificadora, que organicen e preparen o contido dos exercicios, así como o desenvolvemento e a avaliación das probas. Poderá designarse máis dun tribunal se o número de aspirantes así o aconsella.

3. Estas probas, tanto para os centros públicos como para os centros privados, realizaranse nas escolas superiores de deseño.

Artigo 16º.-Admisión de alumnado.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determinará as prazas dispoñibles por especialidades, atendendo a capacidade dos centros e as necesidades dos diferentes sectores profesionais.

2. Para a adxudicación das prazas cumprirá atese ao disposto no artigo 9 do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

Artigo 17º.-Efectos académicos e profesionais do título de deseño.

1. Quen obteña o título superior de deseño a que se refire este decreto poderá acceder ao segundo ciclo doutros estudos superiores ou universitarios nas condicións que determine o Ministerio de Educación e Ciencia.

2. Haberá que atese ao disposto Real decreto 363/2004, do 5 de marzo, en canto á equivalencia para efectos de docencia do título de deseño para

o acceso a determinadas especialidades do corpo de profesorado de artes plásticas e deseño.

Artigo 18º.-Validacións.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará no seu momento as condicións de validación ou equivalencia que o Ministerio de Educación e Ciencia poida establecer, en virtude do previsto no artigo 22 do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá establecer acordos con empresas do sector do deseño ou institucións relacionadas con el, e establecer as condicións para validar, como materias específicas optativas, para o alumnado do terceiro curso destas ensinanzas, as aprendizaxes resultantes dos citados convenios.

Artigo 19º.-Profesorado.

1. Para impartir docencia dos estudos superiores de deseño terase en conta o disposto no Real decreto 1284/2002, do 5 de decembro, polo que se establecen as especialidades do corpo de profesorado de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres de taller de artes plásticas e deseño, se adscriben a elas os profesores dos ditos corpos e se determinan os módulos, as materias específicas e as materias que deberán impartir.

2. Para a provisión de prazas nos centros públicos que impartan os estudos superiores de deseño terase en conta o establecido na disposición derradeira segunda, 2, da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes.

Disposicións adicionais

Primeira.-Denominación dos centros que impartan os estudos superiores de deseño.

1. Os centros públicos que impartan os estudos superiores de deseño denominaranse «escola superior de deseño».

2. Os centros privados que impartan os estudos superiores de deseño denominaranse «centro autorizado de deseño». Estes centros impartirán con plena competencia académica as ensinanzas que contempla este decreto, unha vez que reciban a correspondente autorización da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Na dita autorización farase constar o centro público docente ao que quedan adscritos para efectos administrativos.

Segunda.-Requisitos mínimos dos centros.

Os centros docentes que impartan os estudos superiores de deseño deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 389/1992, do 15 de abril,

así como o establecido na disposición adicional segunda, 2, do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

Terceira.-Relación numérica entre profesorado e alumnado

1. Para impartir as materias específicas que se establecen neste decreto, a relación numérica entre o profesorado e o alumnado será a que se especifica na disposición adicional terceira do Real decreto 1496/1999, do 24 de setembro.

2. Queda establecido o carácter práctico ou teórico de cada materia específica no anexo II, relativo ao contido das materias específicas, deste decreto.

Disposición transitoria

Implantación inicial das ensinanzas.

Os centros docentes efectuarán a implantación inicial dos estudos superiores de deseño curso a curso e sen interrupcións.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Profesorado especialista.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá as condicións que regularán a contratación do profesorado especialista previsto na disposición adicional décimo quinta, punto 6, da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, segundo a redacción dada a esta pola disposición derradeira segunda da Lei orgánica 9/1995, do 20 de novembro, para impartir determinadas materias específicas ou aspectos do currículo.

Segunda.-Habilitación legal para a aplicación e a interpretación da norma.

Autorízase o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria para ditar cantas normas cumpriren para a aplicación e a interpretación do disposto neste decreto.

Terceira.-Entrada en vigor.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catorce de xullo de dous mil cinco.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA

ANEXO I

XUNTA DE GALICIA

DISTRIBUCIÓN DAS MATERIAS

ESPECIALIDADE: DESEÑO DE INTERIORES				
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA	HORAS SEMANAIS
CURSO PRIMEIRO				
Artística	Fundamentos artísticos	Troncal	Debuxo artístico e cor	21
			Volume	9
			Teoría da imaxe	6
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia da arte	6
Científica	Fundamentos científicos	Troncal	Fundamentos científicos do deseño	12
Proxectos e investigación	Sistemas de representación	Troncal	Xeometría descriptiva	12
	Proxectos básicos	Troncal	Proxectos básicos	18
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño gráfico	Específica	Taller de tecnoloxía dixital	12
TOTAL.....				96
CURSO SEGUNDO				
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia e teoría do deseño	6
Tecnolóxica	Ciencia tecnoloxía aplicadas ao deseño de interiores	Específica	Construción I	12
			Instalacións I	12
			Estruturas	6
			Taller de tecnoloxía dixital aplicada ao deseño de interiores	12
Ciencias sociais	Ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de interiores	Específica	Práctica profesional e lexislación aplicada	6
			Ciencias sociais aplicadas ao deseño de interiores	6
Proxectos e investigación	Proxectos: interiores	Específica	Proxectos de deseño de interiores I	24
			Teoría do interiorismo	6
TOTAL.....				90
CURSO TERCEIRO				
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia e teoría do deseño de interiores	6
Tecnolóxica	Acondicionamento e rehabilitación de edificios	Específica	Acondicionamento e rehabilitación de edificios	12
	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de interiores	Específica	Construción II	12
			Instalacións II	12
Ciencias sociais	Ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de interiores	Específica	Medición, orzamentos e planificación de obras	6
Proxectos e investigación	Proxectos: interiores	Específica	Proxectos de deseño de interiores II	24
			Días optativas	12
TOTAL.....				84

ESPECIALIDADE: DESEÑO GRÁFICO				
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA	HORAS SEMANAIS
CURSO PRIMEIRO				
Artística	Fundamentos artísticos	Troncal	Debuxo artístico e cor	21
			Volume	9
			Teoría da imaxe	6
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia da arte	6
Científica	Fundamentos científicos	Troncal	Fundamentos científicos do deseño	12
Proxectos e investigación	Sistemas de representación	Troncal	Xeometría descriptiva	12
	Proxectos básicos	Troncal	Proxectos básicos	18
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño gráfico	Específica	Taller de tecnoloxía dixital	12
TOTAL.....				96
CURSO SEGUNDO				
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia e teoría do deseño	6
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño gráfico	Específica	Tecnoloxía das artes gráficas	9
			Fotografía	15
			Taller de tecnoloxía dixital aplicada ao deseño gráfico I	12
Proxectos e investigación	Conxuntos gráficos e ilustración	Específica	Tipografía	12
			Técnicas de expresión gráfica	18
			Proxectos de deseño gráfico I	18
TOTAL.....				90
CURSO TERCEIRO				
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia e teoría do deseño gráfico	6
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño gráfico	Específica	Audiovisuais	18
			Taller de tecnoloxía dixital aplicada ao deseño gráfico II	12
Ciencias sociais	Ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño gráfico	Específica	Organización e lexislación aplicadas ao deseño gráfico	6
			Teoría da comunicación visual da publicidade	6
Proxectos e investigación	Proxectos: gráfico e da comunicación	Específica	Proxectos de deseño gráfico II	24
			Días optativas	12
TOTAL.....				84



XUNTA DE GALICIA

ESPECIALIDADE: DISEÑO DE PRODUCTOS				CRÉDITOS	HORAS SEMANAIS
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA		
CURSO PRIMEIRO					
Artística	Fundamentos artísticos	Troncal	Debuxo artístico e cor	21	7
			Volume	9	3
			Teoría da imaxe	6	2
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia da arte	6	2
Científica	Fundamentos científicos	Troncal	Fundamentos científicos do deseño	12	4
Proxectos e investigación	Sistemas de representación	Troncal	Xeometría descriptiva	12	4
			Proxectos básicos	18	6
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño gráfico	Específica	Taller de tecnoloxía dixital	12	4
			TOTAL.....	96	32

CURSO SEGUNDO					
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA	CRÉDITOS	HORAS SEMANAIS
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia e teoría do deseño	6	2
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos	Específica	Materiais e tecnoloxía	9	3
			Ergonomía e antropometría	9	3
			Taller de tecnoloxía dixital aplicada ao deseño de produtos	12	4
			Envases e embalaxes I	9	3
Ciencias sociais	Ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de produtos	Específica	Ciencias sociais aplicadas ao deseño de produtos	6	2
			Marketing	6	2
Proxectos e investigación	Proxectos: produto industrial	Específica	Modelos e prototipos I	12	4
			Proxectos de deseño de produtos I	21	7
TOTAL.....				90	30

CURSO TERCEIRO					
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA	CRÉDITOS	HORAS SEMANAIS
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia e teoría do deseño industrial	6	2
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos	Específica	Técnicas de produción e montaxe	6	2
			Materiais e tecnoloxía	9	3
Ciencias sociais	Ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de produtos	Específica	Envases e embalaxes II	9	3
			Organización e lexislación do deseño de produtos	6	2
Proxectos e investigación	Proxectos: produto industrial	Específica	Modelos e prototipos II	12	4
			Proxectos de deseño de produtos II	24	8
Días optativas				12	4
TOTAL.....				84	28



XUNTA DE GALICIA

ESPECIALIDADE: DESEÑO DE MODA					CRÉDITOS	HORAS SEMANAIS
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA			
CURSO PRIMEIRO						
Artística	Fundamentos artísticos	Troncal	Debuxo artístico e cor	21	7	
			Volume	9	3	
			Teoría da imaxe	6	2	
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia da arte	6	2	
Científica	Fundamentos científicos	Troncal	Fundamentos científicos do deseño	12	4	
Proxectos e investigación	Sistemas de representación	Troncal	Xeometría descriptiva	12	4	
			Proxectos básicos	18	6	
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño gráfico	Específica	Taller de tecnoloxía dixital	12	4	
			TOTAL.....	96	32	

CURSO SEGUNDO						
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA	CRÉDITOS	HORAS SEMANAIS	
Historia e teoría	Historia e teoría da arte e do deseño	Troncal	Historia e teoría do deseño	6	2	
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda	Específica	Historia e teoría do deseño de moda	6	2	
			Tecnoloxía textil I	6	2	
			Tecnoloxía da confección I	6	2	
			Patronaxe	12	4	
			Materiais téxtiles	9	3	
			Taller de tecnoloxía dixital aplicada ao deseño de moda	9	3	
			Ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de moda	6	2	
Proxectos e investigación	Estilismo e estética	Específica	Deseño de moda I	12	4	
			Proxectos: téxtil e moda	18	6	
TOTAL.....				90	30	

CURSO TERCEIRO						
ÁREA DE CONECEMENTO	MATERIA BÁSICA	TIPO	MATERIA ESPECÍFICA	CRÉDITOS	HORAS SEMANAIS	
Tecnolóxica	Ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda	Específica	Tecnoloxía téxtil II	6	2	
			Tecnoloxía da confección II	6	2	
Ciencias sociais	Ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de moda	Específica	Moda e fotografía	12	4	
			Marketing e xestión da calidade	6	2	
Proxectos e investigación	Estilismo e estética	Específica	Organización e lexislación aplicadas ao deseño de moda	6	2	
			Deseño de moda II: análise de tendencias	12	4	
Proxectos e investigación	Proxectos: téxtil e moda	Específica	Proxectos de deseño de moda	18	6	
			Días optativas	18	6	
TOTAL.....				84	28	

ANEXO II

Contidos

Especialidade de deseño gráfico

Curso primeiro

Área de coñecemento: artística.

Materia básica: fundamentos artísticos.

Materia específica: debuxo artístico e cor.

Carácter: práctico.

-Debuxo como instrumento de investigación, comprensión e transmisión de ideas, pensamentos e informacións. Dimensión universal de pensamento gráfico.

-Linguaxes gráficas: mimética, descritiva, representativa, expresiva e comunicativa.

-Elementos conceptuais e comportamentos básicos da imaxe.

-Elementos estruturais.

-Descrición, representación, configuración e expresión formal.

-Encaixe, proporción, composición, claroscuro, textura e cor.

-Elementos básicos da forma bidimensional e tridimensional. Representación da forma. Criterios de harmonía.

-Afondamento no estudo dos medios, os procesos, as técnicas e os métodos gráficos e pictóricos.

-Debuxo expresivo. Textura.

-Perspectiva intuitiva.

Materia específica: fundamentos científicos do deseño.

Carácter: teórico.

- Estudo aplicado dos fundamentos matemáticos e os métodos numéricos e estatísticos necesarios para

a análise, a simulación e a interpretación xeométrica, artística, tecnolóxica e socioeconómica.

- Trigonometría. Álgebra lineal. Cálculo diferencial e integral.

- Espazo vectorial. Matrices. Sistemas de ecuacións lineais.

- Espazo euclidiano. Estatística.

- Estudo e análise dos conceptos físicos e a súa articulación en leis, teorías e modelos. Comportamentos das materias sólidas e os fluídos, así como das súas características e propiedades físicas, mecánicas, térmicas, ópticas, electromagnéticas e químicas. Natureza da luz e da cor. Fundamentos ópticos. Cromatoloxía e colorimetría.

- Ensaio mecánicos. Mecánica en xeral. Mecánica de fluídos. Resistencia de materiais.

- Estudo e análise dos conceptos químicos e a súa articulación en leis, teorías e modelos, así como das propiedades dos elementos e dos compostos e as súas transformacións químicas no ámbito da produción relativa a esta especialidade. Organización estrutural dos sólidos. Influencia da estrutura nas propiedades do material. Cor e materia. Características térmicas e higrométricas dos materiais. Compostos orgánicos e inorgánicos. Polímeros.

- Compatibilidade entre os materiais.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: sistemas de representación.

Materia específica: xeometría descritiva.

Carácter: práctico.

- Aplicacións xeométricas. Escalas, normalización, simboloxía e normativa específica aplicable aos proxectos de deseño propios da especialidade.

- Estudo e correcta utilización dos diversos sistemas de representación técnica. Estudo correlacional e comparado. Sistemas de representación: diédrico, axonométrico e cónico. Representación nos distintos sistemas de figuras planas, superficies, corpos e espazos, e das súas sombras propias e arroxadas.

- Tipos de iluminación en perspectiva cónica.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: taller de tecnoloxía dixital.

Carácter: práctico.

- Os sistemas informáticos. Arquitectura do ordenador. *Hardware* e *software*. Periféricos.

- Estudo teórico e práctico do catálogo e da estrutura dos contornos e dos sistemas operativos básicos.

- Fundamentos da imaxe dixital. Procedementos de dixitalización.

-Formatos de arquivos dixitais.

-Fundamentos da imaxe dixital. Formatos de arquivos dixitais. Estudo teórico e práctico do catálogo de programas aplicados ao deseño e das aplicacións máis comúns: programas de tratamento de imaxes vectoriais bidimensionais e tridimensionais, tratamento de imaxes de mapas de bits e aplicacións informáticas de apoio máis comúns para a presentación de proxectos.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: proxectos básicos.

Materia específica: proxectos básicos.

Carácter: práctico.

-Fundamentos prácticos dos procedementos, as técnicas, as linguaxes e as metodoloxías de realización dos proxectos, e o seu emprego na súa ideação e na súa resolución.

-Fundamentos do deseño. Técnicas de creatividade. Metodoloxías de deseño.

Aplicación práctica dos criterios de análise, síntese e metodoloxía. Criterios de decisión. Resolución práctica de proxectos simples. Planos de obradoiro e planos definitivos. Modelos e maquetas. Avaliación final.

Curso segundo

Área de coñecemento: historia e teoría.

Materia: historia e teoría da arte e do deseño.

Materia específica: historia e teoría do deseño.

Carácter: teórico.

-Producións utilitarias como produto manifesto da actividade humana e da evolución antropolóxica, cultural e tecnolóxica dos pobos. Historia, uso e valor dos obxectos.

-Antecedentes do deseño: artesanía, artes populares e artesanía industrial. Proceso gremial.

-Análise, interpretación e sistematización das producións utilitarias e da súa función social nos séculos XIX e XX. Análise das teorías, as metodoloxías e os enfoques interpretativos da fenomenoloxía do deseño. Forma, uso e valor dos obxectos, as imaxes e os espazos nas diversas culturas e a través do tempo.

-Estudo dos movementos máis importantes ligados á historia do deseño nos séculos XIX e XX. *Arts and Crafts*. *Art Nouveau*. *Art Decó*. Deseño ligado ás vangardas. *De Stijl*. *Bauhaus*. Movemento Moderno. *Pop Art*. Minimal. Posmodernismo.

-Incidencia do deseño no contexto contemporáneo. Influencias doutras culturas no deseño occidental. Arte contemporánea e deseño: influencias.

-Análise das últimas tendencias e novos campos do deseño.

Área de coñecemento: historia e teoría.

Materia: historia e teoría da arte e do deseño.

Materia específica: historia e teoría do deseño de moda.

Carácter: teórico.

-Coñecemento da historia do deseño téxtil e do deseño de moda: deseño téxtil e moda no século XIX. Primeira metade do século XX: desenvolvemento da alta costura. Os felices anos 20. Moda en época de crise. Deseño téxtil e deseño de moda durante a expansión do capitalismo: auxe do *New Look*, revolucións na moda dos 60 e irrupción do *prêt-à-porter*, eclecticismo dos 70, e luxo e éxito nos 80. Últimas propostas no ámbito do deseño de moda.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: tecnoloxía téxtil I.

Carácter: teórico.

-Clasificación e descrición das operacións básicas e das fases dos procesos industriais e manufacturados do sector téxtil. Equipamentos e instalacións na industria téxtil. Últimas tecnoloxías.

-Diferentes tipos de tecidos. A súa produción e acabado. Tecidos de calada, de punto e tecidos non tecidos.

-Teoría de tecidos. Ligamentos fundamentais e derivados.

-Diferentes tipos de teares.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: tecnoloxía da confección I.

Carácter: teórico.

-Organización da empresa de confección. Organigrama tipo.

-Seccións departamento e persoal.

-Proceso da confección industrial.

-Sección de corte: marcaxes, estendido, maquinaria e accesorios.

-Sección de confección: preparación do traballo e implantación dos diferentes sistemas de fabricación.

-Sección de ferro de pasar: maquinaria e procesos.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: patronaxe.

Carácter: práctico.

- Obtención de patróns base.
- Elementos básicos: diferentes tipos de peza de roupa.
- Elementos derivados: pezas compoñentes.
- Cortes e transformacións.
- Interpretación e realización dos modelos.
- Cadros de talles. Técnicas de escalado de talles.
- Industrialización de patróns.
- Cálculos de tecidos. Marcaxes.
- Área de coñecemento: tecnolóxica.
- Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.
- Materia específica: materias téxtiles
- Carácter: teórico.
- Principais parámetros da fibroloxía estrutural.
- Descrición, estudo e clasificación das diversas materias primas que interveñen na composición de fiaduras e tecidos.
- Fibras naturais, artificiais e sintéticas. Calidades técnicas e estéticas, e principais aplicacións.
- Área de coñecemento: tecnolóxica.
- Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.
- Materia específica: tecnoloxía dixital aplicada ao deseño de moda.
- Carácter: práctico.
- Desenvolvemento e perfeccionamento das técnicas e os procesos nas aplicacións informáticas e dixitais para o desenvolvemento do debuxo vectorial no contorno do deseño de moda.
- Técnicas e procesos nas aplicacións informáticas e dixitais de corte e confección industrial: tecnoloxía informática do patrón.
- Área de coñecemento: ciencias sociais.
- Materia: ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de moda.
- Materia específica: ciencias sociais aplicadas ao deseño de moda.
- Carácter: teórico.
- Coñecemento teórico das ciencias sociais aplicadas ao deseño de moda.
- Análise das clases sociais na sociedade contemporánea.
- Estilos e xeitos de vida, e a súa vinculación coa moda.
- Estudo dos aspectos sociais e culturais das poboacións.
- Moda e consumo.

-Moda como expresión e discurso social. Deseño e proceso de socialización. Tendencias actuais das teorías sociolóxicas de análise.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia: estilismo e estética.

Materia específica: deseño de moda I.

Carácter: práctico.

-Deseño e estilismo. Diferentes tendencias de estilismo.

-Figura do deseñador dentro do campo da moda: localización, funcións e posibilidades.

-Anatomía: análise do corpo humano. Concreción de necesidades funcionais e estéticas. Tipoloxías corporais. Elección dun patrón humano.

-Xeración e transformación de formas.

-Figurino de moda. Canons xerais. Interpretación e personalización.

-Deseño plano. Cortes e transformacións.

-Coleccións. Concepto de colección.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia: proxectos: téxtil e moda.

Materia específica: modelismo e prototipos.

Carácter: práctico.

-Metodoloxía, definición e realización de proxectos de moda.

-Concepción e creación de modelos. Elaboración de bosquexos. Criterios de decisión. Estudo de viabilidade.

-Planos e patróns. Materiais idóneos. Útiles e ferramentas.

-Proxecto e prototipo: obtención do prototipo.

-Industrialización.

-Escalado de talles e estudo de marcaxes.

-Fichas técnicas. Listas de fases.

Curso terceiro

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: tecnoloxía téxtil II.

Carácter: teórico.

-Principios básicos das tinturas e dos acabados.

-Estrutura e clasificación dos diferentes tipos de colorantes. Constitución e propiedades.

-Técnicas de tintura. Equipamentos e instalacións.

-Estampación de xéneros. Tipos e procesos aplicados.

-Procesos de ennobrecemento de tecido.

-Operacións de acabado e apresto. Análise de tecidos.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: tecnoloxía da confección II.

Carácter: teórico.

-Tecnoloxía da costura.

-Tipos de costura. Clasificación e características.

-Tipos de puntada. Clasificación e características.

-Máquina de coser. Partes, tipos e mecanismos.

-Industrialización do produto.

-Patronaxe e escalado.

-Industrialización de patróns.

-Fichas de traballo. Equilibrados e implantación.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: moda e fotografía.

Carácter: práctico.

-Principios básicos. Natureza da fotografía. Luz e procedemento fotográfico.

-Soportes fotográficos: emulsións fotosensibles e o seu procesado.

-Tecnoloxía fotográfica: cámara fotográfica. Lente. Obxectivos. Tipos de cámara.

-Control da imaxe fotográfica: diafragma, distancia focal e obturador. Movementos de cámara.

-Laboratorio fotográfico: organización e material básico. Positivado.

-Fotografía de moda: figura humana. Plató. Fotografía de moda e de pasarela. Fotografía de moda nas publicacións impresas. Estilismo e estética.

-Fotografía e maquetaxe.

-Fotografía dixital.

-Discurso fotográfico: expresión e creatividade.

Área de coñecemento: ciencias sociais.

Materia: ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: márketing e xestión da calidade.

Carácter: teórico.

-Fundamentos do márketing, funcións e metodoloxías. Teoría xeral da imaxe, da comunicación e da información. Procesos de comunicación e información.

-Comunicación e consumo. Proceso de comunicación e estratexia de motividade da oferta. Estudo do comportamento da demanda. Publicidade: medios

e sistemas. Mercado: procesos e técnicas. Produto: concepto e tipos. Distribución: concepto, funcións e sistemas de distribución.

-Novas tecnoloxías aplicadas ao control de calidade da produción de tecidos e ao control de calidade da cor dos téxtiles.

-Especificacións de calidade. Custos e modelos de calidade total.

Área de coñecemento: ciencias sociais.

Materia: ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de moda.

Materia específica: organización e lexislación aplicadas ao deseño de moda.

Carácter: teórico.

-Estudo da caracterización empresarial e técnicas de organización dos recursos aplicados á mellora dos procesos de produción nos sectores industriais.

-Cálculos e análise de custos, rendemento e resultados empresariais.

-Plans e orzamentos. Control orzamentario: produtividade, produción, vendas, custos e rendibilidade.

-Administración de empresas. Estratexias empresariais.

-Profesional autónomo. Fórmulas asociativas.

-Proxectos de investimento e fontes de financiamento. Contas e contabilidade. Tarefas do xestor do deseño.

-Estudo da xestión e da normativa implicada no fenómeno empresarial do ámbito produtivo relativo a esta especialidade.

-Estudo da normativa autonómica, estatal, comunitaria e internacional relativa a marcas, patentes, *copyright*, etiquetaxe, homologacións e certificacións.

-Dereitos de autor. Propiedade intelectual e industrial. Dereitos de imaxe. Deontoloxía profesional.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia: estilismo e estética.

Materia específica: deseño de moda II: análise de tendencias.

Carácter: práctico.

-Coleccións.

-Mostrarios. Tempadas. Feiras e pasarelas.

-Reportaxe de moda.

-Teorías de tendencias e a súa aplicación.

-Canles de información e documentación de tendencias.

-Estudo de tendencias alternativas. Factores determinantes.

- Interpretación e adaptación de tendencias. Repercusión de tendencias anteriores.

- Análise de resultados.

- Valoración das funcións de uso da peza de roupa e a súa vinculación a criterios ergonómicos.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia: proxectos: téxtil e moda.

Materia específica: proxectos de deseño de moda.

Carácter: práctico.

- Definición e realización de proxectos específicos.

- Concurso e posta en práctica dos coñecementos adquiridos.

- Fases de normalización e elaboración dun proxecto.

- Cálculo e estudo de orzamentos e análise de viabilidade.

- Realización de planos e memoria.

- Memoria analítica, metodolóxica e xustificativa.

- Material de presentación e niveis de acabado.

Especialidade de deseño de produtos

Curso primeiro

Área de coñecemento: artística.

Materia básica: fundamentos artísticos.

Materia específica: debuxo artístico e cor.

Carácter: práctico.

- Debuxo como instrumento de investigación, comprensión e transmisión de ideas, pensamentos e informacións. Dimensión universal de pensamento gráfico.

- Linguaxes gráficas: mimética, descritiva, representativa, expresiva e comunicativa.

- Elementos conceptuais e comportamentos básicos da imaxe.

- Elementos estruturais.

- Descrición, representación, configuración e expresión formal.

- Encaixe, proporción, composición, claroscuro, textura e cor.

- Elementos básicos da forma bidimensional e tridimensional. Representación da forma. Criterios de harmonía.

- Afondamento no estudo dos medios, os procesos, as técnicas e os métodos gráficos e pictóricos.

- Debuxo expresivo. Textura.

- Perspectiva intuitiva.

- Estudo da figura humana. Figura en movemento.

- Memoria e representación.

- Teoría da cor. Interacción da cor.

- Técnicas da cor. Materiais e procedementos.

Área de coñecemento: artística.

Materia básica: fundamentos artísticos.

Materia específica: volume.

Carácter: práctico.

- Coñecemento dos materiais, as ferramentas e os útiles.

- Volume a partir dunha estrutura bidimensional: estudo da xeometría no plano para a elaboración de formas tridimensionais, modulación e seriación de elementos.

- Análise dos conceptos expresivos da materia, a textura e a cor.

- Estudo dos elementos representativos da forma, o volume, o espazo e o movemento.

- A forma tridimensional: análise e modulación do espazo; formas abertas e pechadas.

- Forma e estrutura. Modelo analítico das formas bidimensionais e tridimensionais xeométricas. Estudo analítico das formas da natureza como base para a xeración formal.

- Técnicas construtivas. Sistemas de construción de formas (armazóns).

- Técnicas de reprodución (moldes e materiais) e seriación. Prototipo como estudo volumétrico definitivo: matrices e moldes.

- Proxectación de elementos tridimensionais. Iniciación á maquetación: proceso metodolóxico, técnicas e materiais (premaquetas). Maquetas de traballo e maquetas finais.

- Maquetas: planificación, materiais, útiles e maquinaria. Procedementos e técnicas de maquetaxe.

- Interpretación de planos básicos necesarios. Escalas.

Área de coñecemento: artística.

Materia básica: fundamentos artísticos.

Materia específica: teoría da imaxe.

Carácter: teórico.

- Estudo dos procesos sensoriais, perceptivos e cognitivos.

- Memoria icónica.

- Estudo e análise dos elementos e dos conceptos representativos, expresivos, comunicativos e interactivos da materia, a forma, a cor, o espazo e o movemento. Linguaxes compositivas.

- Imaxe e a súa clasificación. Imaxe e percepción. Percepción visual; principios psicofísicos do proceso visual. Teorías da percepción. Percepción e representación.

-Estudo da fenomenoloxía da cor e a súa intervención na composición simbólica das linguaxes plásticas.

-Aspectos psicolóxicos e fisiolóxicos da cor. Cor e materia. Fenomenoloxía da cor como configuración simbólica de linguaxes e factor de criterios.

-A imaxe na comunicación.

Área de coñecemento: historia e teoría.

Materia básica: historia e teoría da arte e do deseño.

Materia específica: historia da arte.

Carácter: teórico.

-Producións artísticas como produto manifesto da actividade humana e da evolución antropolóxica, cultural e tecnolóxica dos pobos.

-Análise das teorías, as metodoloxías e os enfoques interpretativos da fenomenoloxía da arte.

-Arte, deseño e expresión artística. Movementos artísticos no século XIX: arquitectura, pintura e escultura; artes aplicadas.

-Arte e deseño na era industrial. Vangarda nos inicios do século XX: movementos en pintura, escultura e arquitectura.

-Arte despois da Segunda Guerra Mundial. Correntes artísticas máis recentes.

-Arte e cultura de masas: cine, fotografía e cómic. Outras manifestacións audiovisuais.

Área de coñecemento: científica.

Materia básica: fundamentos científicos.

Materia específica: fundamentos científicos do deseño.

Carácter: teórico.

-Estudo aplicado dos fundamentos matemáticos e os métodos numéricos e estatísticos necesarios para a análise, a simulación e a interpretación xeométrica, artística, tecnolóxica e socioeconómica.

-Trigonometría. Álgebra lineal. Cálculo diferencial e integral.

-Espazo vectorial. Matrices. Sistemas de ecuacións lineais.

-Espazo euclidiano. Estatística.

-Estudo e análise dos conceptos físicos e a súa articulación en leis, teorías e modelos. Comportamentos das materias sólidas e os fluídos, así como das súas características e propiedades físicas, mecánicas, térmicas, ópticas, electromagnéticas e químicas. Natureza da luz e da cor. Fundamentos ópticos. Cromatoloxía e colorimetría.

-Ensaio mecánicos. Mecánica en xeral. Mecánica de fluídos. Resistencia de materiais.

-Estudo e análise dos conceptos químicos e a súa articulación en leis, teorías e modelos, así como das propiedades dos elementos e dos compostos e as

súas transformacións químicas no ámbito da produción relativa a esta especialidade. Organización estrutural dos sólidos. Influencia da estrutura nas propiedades do material. Cor e materia. Características térmicas e higrométricas dos materiais. Compostos orgánicos e inorgánicos. Polímeros.

-Compatibilidade entre os materiais.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: sistemas de representación.

Materia específica: xeometría descritiva.

Carácter: práctico.

-Aplicacións xeométricas. Escalas, normalización, simboloxía e normativa específica aplicable aos proxectos de deseño propios da especialidade.

-Estudo e correcta utilización dos diversos sistemas de representación técnica. Estudo correlacional e comparado. Sistemas de representación: diédrico, axonométrico e cónico. Representación nos distintos sistemas de figuras planas, superficies, corpos e espazos, e das súas sombras propias e arroxadas.

-Tipos de iluminación en perspectiva cónica.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: taller de tecnoloxía dixital.

Carácter: práctico.

-Os sistemas informáticos. Arquitectura do ordenador. *Hardware* e *software*. Periféricos.

-Estudo teórico e práctico do catálogo e da estrutura dos contornos e dos sistemas operativos básicos.

-Fundamentos da imaxe dixital. Procedementos de dixitalización.

-Formatos de arquivos dixitais.

-Fundamentos da imaxe dixital. Formatos de arquivos dixitais. Estudo teórico e práctico do catálogo de programas aplicados ao deseño e das aplicacións máis comúns: programas de tratamento de imaxes vectoriais bidimensionais e tridimensionais, tratamento de imaxes de mapas de bits e aplicacións informáticas de apoio máis comúns para a presentación de proxectos.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: proxectos básicos.

Materia específica: proxectos básicos.

Carácter: práctico.

-Fundamentos prácticos dos procedementos, as técnicas, as linguaxes e as metodoloxías de realización dos proxectos e o seu emprego na súa ideación e na súa resolución.

-Fundamentos do deseño. Técnicas de creatividade. Metodoloxías de deseño.

-Aplicación práctica dos criterios de análise, síntese e metodoloxía. Criterios de decisión. Resolución práctica de proxectos simples. Planos de obradoiro e planos definitivos. Modelos e maquetas. Avaliación final.

Curso segundo

Área de coñecemento: historia e teoría.

Materia: historia e teoría da arte e do deseño.

Materia: historia e teoría do deseño.

Carácter: teórico.

-As producións utilitarias como produto manifesto da actividade humana e da evolución antropolóxica, cultural e tecnolóxica dos pobos. Historia, uso e valor dos obxectos.

-Antecedentes do deseño: artesanía, artes populares e artesanía industrial. Proceso gremial.

-Análise, interpretación e sistematización das producións utilitarias e da súa función social nos séculos XIX e XX. Análise das teorías, as metodoloxías e os enfoques interpretativos da fenomenoloxía do deseño. Forma, uso e valor dos obxectos, as imaxes e os espazos nas diversas culturas e a través do tempo.

-Estudo dos movementos máis importantes ligados á historia do deseño nos séculos XIX e XX. *Arts and Crafts*. *Art Nouveau*. *Art Decó*. Deseño ligado ás vangardas. *De Stijl*. *Bauhaus*. Movemento Moderno. *Pop Art*. Minimal. Posmodernismo.

-Incidencia do deseño no contexto contemporáneo. Influencias doutras culturas no deseño occidental. Arte contemporánea e deseño: influencias.

-Análise das últimas tendencias e os novos campos do deseño.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: ergonomía e antropometría.

Carácter: teórico.

-Estudo xeral da constitución do ser humano.

-Anatomía. Osteoloxía, mioloxía e artroloxía.

-Sentidos e facultades.

-Estudo das funcións utilitarias e a súa vinculación aos criterios ergonómicos.

-Criterios de aplicación dos parámetros antropométricos nos conceptos de uso, función e utilidade do deseño de produtos.

-Análise das estruturas naturais. Estudo dos sistemas e das formas da natureza, e a súa aplicación ao proceso de deseño.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: envases e embalaxes.

Materia específica: envases e embalaxes I.

Carácter: práctico.

-Concepto e finalidade dos envases e as embalaxes.

-Envase como medio de comunicación.

-Tecnoloxía e materiais.

-Elementos.

-Normalización, requisitos e especificacións.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: materiais e tecnoloxía I.

Carácter: práctico.

-Descrición, estudo, clasificación e análise das diversas substancias naturais, materias primas, materiais, produtos químicos e material reciclado que interveñen na elaboración de obxectos de deseño industrial.

-Recursos naturais e condicións requiridas para a súa explotación.

-Clasificación e descrición das operacións básicas e das etapas dos procesos industriais e manufatureiros dos sectores produtivos maioritarios.

-Tipos e control de maquinaria.

-Tecnoloxía dos procesos automáticos e manuais que se utilizan na fabricación e na produción industrial.

-Transformación e manufactura de produtos.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: taller de tecnoloxía dixital aplicada ao deseño de produtos.

Carácter: práctico.

-Aplicacións ofimáticas específicas de apoio para a realización de proxectos.

-Edición e reprodución. Imaxe dixital e analóxica. Imaxe en dúas dimensións e en tres dimensións.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: proxectos: produto industrial.

Materia específica: modelos e prototipos I.

Carácter: práctico.

-Conceptos de maqueta, modelo e prototipo.

-Materiais, maquinaria, útiles, ferramentas, procedementos e técnicas de maquetaxe e modelización.

-Niveis de definición.

Área de coñecemento: ciencias sociais.

Materia básica: ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: márketing.

Carácter: teórico.

-Teoría xeral da información e a comunicación.
-Instrumentos e procesos de comunicación e información.

-Comunicación de masas. Comunicación e consumo. Comunicación e modelos culturais.

-Teoría e análise da publicidade. Imaxe corporativa, de marca e do produto. Programas de imaxe visual e identidade corporativa. Programa de calidade total. Fundamentos de márketing.

-Datos socioeconómicos, metodoloxías e técnicas de xestión. Xestión de proxectos de deseño industrial.

-Estudo dos comportamentos da demanda.

Área de coñecemento: ciencias sociais.

Materia básica: ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: ciencias sociais aplicadas ao deseño de produtos.

Carácter: teórico.

-Teoría das ciencias sociais, análise das clases sociais na sociedade contemporánea e antropoloxía xeral cultural.

-Estudo dos aspectos sociais e culturais das poboacións.

-Análise das sociedades complexas e estudo antropolóxico da vida urbana, o traballo e as relacións laborais.

-Síntese histórica da evolución dos mercados.

-Estruturas sociais, de poboación e económicas.

-Produción, publicidade, consumo e moda.

-Valores simbólicos e modelos culturais.

-Tendencias actuais das teorías sociolóxicas de análise.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: proxectos: produto industrial.

Materia específica: proxectos de deseño de produtos I.

Carácter: práctico.

-Introdución á definición e á realización de proxectos para os sectores industriais.

-Fundamento e estudo teórico e práctico dos proxectos de deseño.

-Estudo analítico da evolución dos usos e dos produtos, dos condicionantes técnicos, tecnolóxicos, funcionais e comunicativos.

-Fases de elaboración, normalización e presentación.

-Niveis de acabado.

-Metodoloxía de resolución de proxectos, avaliación e verificación.

Curso terceiro

Área de coñecemento: historia e teoría.

Materia básica: historia e teoría da arte e do deseño.

Materia específica: historia e teoría do deseño industrial.

Carácter: teórico.

-Evolución histórica e correntes estéticas máis significativas no deseño industrial.

-Tendencias máis relevantes a partir da metade do século XX, a súa evolución e localización no contexto actual.

-Últimas propostas no ámbito do deseño de produtos e servizos.

-Incidencia do deseño no contexto contemporáneo.

Área de coñecemento: ciencias sociais.

Materia básica: ciencias sociais e lexislación aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: organización e lexislación do deseño de produtos.

Carácter: teórico.

-Estudo da caracterización empresarial.

-Técnicas de organización de recursos aplicados nos procesos de produción industrial.

-Control orzamentario.

-Profesional autónomo. Fórmulas asociativas.

-Proxectos de investimento e fontes de financiamento.

-Lexislación e normativa no ámbito empresarial.

-Normativa relativa a marcas, patentes, *copyright*, etiquetaxe, homologacións e certificacións.

-Dereitos de autor e de imaxe. Propiedade intelectualidade e industrial.

-Deontoloxía profesional.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: envases e embalaxes.

Materia específica: envases e embalaxes II.

Carácter: teórico.

-Materiais e procesos de fabricación, reutilización e reciclaxe.

-Sistemas de almacenaxe, distribución e transporte.

-Clasificación de envases e embalaxes.

-Condições especiais de almacenaxe.

-Envases e embalaxes de produtos e de materias nocivas, perigosas, inflamables ou con índice doutros riscos.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: materiais e tecnoloxía II.

Carácter: práctico.

-Comportamento mecánico dos materiais ríxidos, plásticos e elásticos.

-Resistencia e solicitacións.

-Tipoloxía estrutural. Elementos.

-Divisións internas.

-Mecanismos e sistemas de integración coas diversas estruturas, instalacións e redes.

-Esquemas, símbolos e códigos.

-Aproximación ao cálculo. Predimensionamento de estruturas e sistemas aplicados.

Área de coñecemento: tecnolóxica.

Materia básica: ciencia e tecnoloxía aplicadas ao deseño de produtos.

Materia específica: técnicas de produción e montaxe.

Carácter: teórico.

-Procesos de mecanizado e soldadura.

-Sistemas de transmisión.

-Procesos de fabricación continuos, descontínuos e regulados.

-Procesos automatizados. Regulación e control.

-Control numérico aplicado aos procesos industriais.

-Equipamentos e instalacións mecánicas. Sistemas de normalización, tolerancia e axustes.

-Produción en serie.

-Ensaio metalográficos.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: proxectos: produto industrial.

Materia específica: proxectos de deseño de produtos II.

Carácter: práctico.

-Realización de proxectos para os sectores industriais.

-Ciclo de vida do produto. Requisitos e especificacións.

-Presentación gráfica do proxecto.

-Estudos de orzamentos e análises de viabilidade.

-Avaliación e verificación.

-Xestión de proxectos industriais.

-Determinación de tendencias e variables. Previsión tecnolóxica.

-Xogos de estratexia e criterios de decisión. Criterios de innovación e calidade.

Área de coñecemento: proxectos e investigación.

Materia básica: proxectos: produto industrial.

Materia específica: modelos e prototipos II.

Carácter: práctico.

-Proxecto e prototipo.

-Clasificación e tipos de prototipos. Escalas.

-Niveis de definición.

-Elección de materiais idóneos.

-Prototipación rápida. Diferentes técnicas.

ANEXO III

Proxecto final de carreira

Obxectivos.

O proxecto final ten como obxectivo comprobar se o alumno asimilou os coñecementos adquiridos a través das ensinanzas cursadas no centro e se é capaz de os integrar e os aplicar, e, xa que logo, de desempeñar unha actividade profesional no campo do deseño propio da especialidade e do nivel cursados.

Contidos.

1. Anteprojecto.

O anteprojecto reflectirá o contido do proxecto que se propón realizar e, en todo caso, incluírá a documentación necesaria para a súa valoración.

2. Proxecto.

2.1. Memoria xustificativa.

Estudo que sitúa o produto obxecto do proxecto no contexto social do seu tempo, os seus antecedentes históricos e as achegas ou peculiaridades que ofrece.

2.2. Memoria descritiva.

Realizarase unha análise dos procesos e das fases do produto, tendo en conta os seguintes aspectos:

-Funcional, de utilidade.

-Estético e formal.

-Estrutural.

-Técnico, canto a materiais e procesos necesarios para a realización do produto.

-Económico. Avance ou estimación valorada do produto e, de ser o caso, análise de estado de medicións.

2.3. Testemuño gráfico.

Referido ás diversas etapas do traballo conducen-tes á realización do produto, incluíndo cantos bos-quexos, debuxos e demais material gráfico cumpra.

2.4. Testemuño volumétrico, nas especialidades de deseño de moda e de produto; nas de deseño gráfico e de interiores, cando as características do proxecto o requiriren.

Poderá ser maqueta, modelo ou prototipo, segundo o exixa a visualización real do produto.

Desenvolvemento e valoración.

1. Anteprojecto. Inscribirase nos prazos establecidos polo centro. A presentación farase mediante exposición oral ante o tribunal durante o tempo que este estableza e coa achega da documentación e o soporte gráfico precisos.

O tribunal valorará o anteprojecto presentado, tendo en conta os seguintes aspectos:

a) O seu interese global, con atención ao seu valor de utilidade, estético, formal e estrutural, así como a orixinalidade da formulación.

b) A posibilidade de realización efectiva do proxecto, nos prazos establecidos e cos medios e instalacións con que se conta.

Se o tribunal non acepta o anteprojecto, o alumno deberá introducir as modificacións oportunas ou ben presentar un novo anteprojecto no prazo fixado polo tribunal. A valoración dos anteprojectos farase constar nunha acta en termos de «aceptado» ou «non aceptado».

2. Proxecto. Unha vez valorado positivamente o anteprojecto, o alumno poderá formalizar a matrícula do proxecto nos prazos e polo procedemento que estableza o centro, así como solicitar a designación dun titor de entre os profesores do centro, que realizará o seguimento.

O proxecto presentarase no prazo establecido polo centro na convocatoria, e non se admitirá fóra del.

Para que o proxecto poida ser valorado requirirase que conteña todo o establecido como contidos neste anexo.

Cualificación.

1. A cualificación do proxecto será global e única, tendo en conta todos os seus contidos.

2. Para cualificar o proxecto utilizarase a escala numérica de 1 a 10, con dous decimais. Considerarase que se superou o proxecto se a cualificación é igual ou superior a 5.

3. Se o alumno non obtén cualificación positiva no proxecto, poderá propor un novo desenvolvemento noutra convocatoria.

Designación e composición do tribunal.

1. Constituirase un tribunal por cada unha das especialidades, designado polo director do centro, que estará integrado por:

-Presidente: o director do centro ou profesor en quen delegue.

-Catro vogais, de entre os que actuará como secretario o de menor idade.

2. Entre os vogais poderán ser designadas personalidades de recoñecido prestixio no sector correspondente.

3. O tribunal poderá efectuarlle consultas ao titor do proxecto sobre aspectos relacionados co seu desenvolvemento.

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS:

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

Decreto 234/2005, do 11 de agosto, polo que se dispón que cese Javier Batán Rodríguez como secretario xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do vicepresidente da Igualdade e do Benestar e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do once de agosto de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Que cese Javier Batán Rodríguez como secretario xeral da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, once de agosto de dous mil cinco.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Anxo Manuel Quintana González
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

Decreto 235/2005, do 11 de agosto, polo que se dispón que cese Teresa Rey Barreiro-Mero como directora xeral de Familia da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

En virtude do establecido nos artigos 4.13º e 34.2º da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, por proposta do vicepresidente da Igualdade e do Benestar e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día once de agosto de dous mil cinco,

DISPOÑO:

Que cese Teresa Rey Barreiro-Mero como directora xeral de Familia da Consellería de Familia, Xuven-